



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA O MANTEMENTO DO CENSO CATASTRAL MINEIRO E O DESENVOLVEMENTO DUNHA XORNADA SOBRE AS NORMAS DE XESTIÓN MINEIRA SOSTIBLE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Enerxía de Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria,

DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Cámara Oficial Mineira de Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 30 de marzo de 2016 ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para o mantemento do Censo Catastral Mineiro e o desenvolvemento dunha xornada sobre as normas de xestión mineira sostible.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha Corporación de dereito público e órgano consultivo da Administración, que ten encomendado, en xeral, o fomento da industria mineira nesta Comunidade Autónoma e, en concreto, a redacción de estudos e traballos e o establecemento e desempeño dos servizos que se estimen necesarios, útiles ou de proveito para os intereses xerais da minaría.





Posto que a Cámara Oficial Mineira de Galicia é o único organismo representativo das empresas do sector mineiro en xeral, o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio atópanse entre as funcións que ten encomendadas a COMG, é o que desenvolveu esta plataforma, concorren circunstancias excepcionais que determinan a imposibilidade de promover a concorrência pública, dada a finalidade e as características singulares das actuacións a realizar, aos efectos do establecido no artigo 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, constando nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 a aplicación orzamentaria para o seu financiamento 09.20.734A -781.3 "Convenio coa Cámara Oficial Mineira de Galicia".

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de marzo de 2016.

